



COMPROMISO DO CONSELLO REITOR CO PLAN DE IGUALDADE

SOM ENERGIA, SCCL declara o seu compromiso no establecemento e desenvolvemento de políticas que integran a igualdade de tratamento e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, así como o impulso e o fomento de medidas para conseguir a igualdade real no ámbito da nosa organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como principio estratéxico da nosa Política Corporativa e de Recursos Humanos da Cooperativa, de acordo coa definición do mencionado principio regulado na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, que establece que:

«O principio de igualdade de tratamento entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigas familiares e o estado civil».

En todos e cada un dos ámbitos laborais en que se desenvolve a actividade desta cooperativa, desde a selección até a promoción, pasando pola política salarial, a formación, as condicións de traballo e a conciliación, asumimos o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, atendendo en especial á discriminación indirecta. Igualmente, existe unha vontade expresa de facelo extensivo a toda a realidade da cooperativa, incluída a base societaria. En canto á discriminación indirecta, entendémola tal e como dispón o artigo 6.2 da normativa anteriormente citada:

«Considérase discriminación indirecta por razón de sexo a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro».

No caso de Som Energia, enténdese incluída nesa definición a discriminación por xénero.

Respecto á comunicación, tanto interna como externa, informarase de todas as decisións que se adopten neste sentido e proxectarase unha imaxe da empresa de acordo con este principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Os principios enunciados levaranse á práctica mediante a implantación do Plan de Igualdade e Oportunidades que supoña melloras a respecto da presente situación, arbitrando os correspondentes sistemas de seguimento, co fin de avanzar cara a igualdade real entre mulleres e homes na cooperativa e, por extensión, no conxunto da sociedade.

Para poder levar a cabo este propósito, o Consello Reitor, reunido en data 29/05/2020 e validamente constituído de acordo coa Lei 12/2015, de 9 de xullo, de cooperativas, acordou:

- (i) designar a Verónica Baquero Ripoll e a Clara Calbet Domingo como responsábeis en nome de SOM ENERGIA SCCL, co apoio do Equipo Técnico da cooperativa, da análise e deseño do Plan de Igualdade.



(ii) designar a Vogalía de Coordinación do Consello Reitor de SOM ENERGIA SCCL como responsábel de asegurar a implantación do plan,

(iii) designar a Xerencia como a representación da cooperativa no proceso de acadar acordos entre a cooperativa e o cadro de persoal, nos termos que establece a Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Girona, a 29 de maio de 2020

Victòria Pellicer Sifres

Presidenta do Consello Reitor

[Ver [documento orixinal](#) asinado, en castelán.]